

QUE SON AS NANOPARTÍCULAS METÁLICAS (NPM)

GONZÁLEZ NOYA, ANA M.
MANEIRO MANEIRO, MARCELINO
PEDRIDO, ROSA
R. BERMEJO, MANOLO
Dpto. de Química Inorgánica. USC.

O pasado ano, e co gallo da celebración do Ano Internacional da Luz, presentabamos no XXVIII Congreso de ENCIGA celebrado en Sarria unha comunicación sobre os Nanomateriais Inorgánicos (1). A presentación desa comunicación resultou moi interesante, pero demasiado densa para os asistentes, polo que se nos solicitou que trouxeramos máis comunicacións sobre este tema, presentando algúns deses interesantísimos e variados Nanomateriais Inorgánicos.

Dentro destes Nanomateriais Inorgánicos seleccionamos para este congreso de Negreira un tipo especial de Nanomateriais Inorgánicos Metálicos: as chamadas *Nanopartículas Metálicas* (NPM).

As *Nanopartículas Metálicas*, “NPM”, son como o seu nome indica partículas metálicas de dimensión “nano” (dimensión entre 1-100 nm) nalgunhas das súas dimensións do espazo [ver o concepto de Nanomateriais (1,2)].

Como sempre seremos fieis á nosa intención de **Informar, Instruír e Divertir** nesta comunicación, pero seremos rigorosos no tratamento do tema, de modo que cantos asistan á nosa exposición poderán quedar informados e postos ao día sobre a transcendencia actual de como son e para que serven as *Nanopartículas Metálicas*.

Nesta comunicación pretendemos amosar dunha maneira clara e concisa; pero precisa e rigorosa: que son estes materiais NPM, cando e como aparecen na historia e cales son as súas diversas formas; como se obteñen hoxe, tanto no laboratorio como na industria, estes materiais de tamaño “nano”; cales son as súas aplicacións tanto na industria como na bioimaxe, na biomedicina,...etc.

Esta comunicación terá como obxectivo iniciaros non só no tema e poñervos na pista do interese actual das Nanopartículas Metálicas, senón tamén espertar o voso entusiasmo para que estudeades ata saber moito máis deste interesantísimo tema.

BIBLIOGRAFÍA

- A. González, M. Maneiro, M. R. Bermejo e R. Pedrido, “Os Nanomateriais Inorgánicos” en “XXVIII Congreso de ENCIGA-Boletín das Ciencias”, Nº 80, ENCIGA, páx. 55, Sarria, **2015**.
- A. M. González Noya, M. Maneiro, M.R. Bermejo e R. Pedrido, “Que son os Nanomateriais Inorgánicos”. Boletín de ENCIGA, Nº 82 (**2016**, no prelo).